

Paseo Literario ...

PARADA 6: ÁLVARO CUNQUEIRO

Neste número 20 da rúa Marqués de Valladares viviu Álvaro Cunqueiro, o autor de obras tan importantes como *Merlín e familia*, *Escola de menciñeiros* ou a obra de teatro *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*.

Carlos Casares establece unha profunda amizade con Álvaro Cunqueiro logo de participar en Vigo nun seminario sobre Galicia a través da imaxinación creadora, no ano 1977, invitados polo profesor Manuel C. Díaz e Díaz. Álvaro Cunqueiro, durante o xantar, comenta que Galicia era o único país de Europa onde a cachucha do porco conservaba os vinte e sete sabores orixinais. Carlos pídlle que lle explique ben iso dos vinte e sete sabores e Álvaro Cunqueiro respóndelle: “Xa cho contarei un día que veñas pola casa”.



Carlos Casares

Paseo Literario ...

[...] Foi así como decidimos, ó rematar o xantar, que en adiante nos veríamos un par de veces á semana para preparar o que pretendíamos que acabase sendo un libro de conversas. O proxecto, no que Cunqueiro tiña posta moita ilusión, carecía de calquera outra concreción detallada, a non ser a simple vontade de facelo. Pola miña parte, pensaba que abondaría a gracia verbal do entrevistado e a súa lendaria capacidade fabuladora para conseguir un libro divertido e ó mesmo tempo útil para coñecermos as opinións de Cunqueiro sobre o asunto que máis lle interesaba nesta vida, que era a literatura.

Con este propósito vímonos varias tardes na súa casa, pero traballamos pouco, aínda que non sempre pola nosa culpa. [...]

“Se Cunqueiro fose Eurípides” en *Un país de palabras*. Galaxia, 1998

HISTORIAS DE ANXOS

Unha das últimas veces que estiven con Álvaro Cunqueiro na súa casa de Vigo, cando o escritor era xa un home enfermo e melancólico, díxome que pensaba escribir un dicionario de anxos. Contoume que coñecía o nome duns trescentos e que lle sabía a vida á maior parte deles, incluído un que era de Lugo. Ao decatarse do meu sorriso, aclaroume que había anxos nados en case todos os países do mundo, excepto Rumanía, un lugar onde non se daban estas criaturas, aínda que el non sabía cal era a causa. [...]

Á marxe, 5 de novembro de 1994.

Carlos Casares